



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

### ANUNCIO

Con data do trinta e un de outubro de dous mil dezasete o tribunal de selección de persoal constituído para o procedemento de selección dunha técnico/a de museo levantou a acta que transcribo literalmente a continuación:

**"ACTA DA REUNIÓN DO 31 DE OUTUBRO DE 2017 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PERSOAL CONSTITUÍDO PARA O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DUNHA TÉCNICO/A DE MUSEO DURANTE DOUS MESES, A TEMPO PARCIAL (21 HORAS/SEMANA), RELACIÓN CONTRACTUAL LABORAL TEMPORAL, A TRAVÉS DO SISTEMA DE SELECCIÓN DE CONCURSO LIBRE E ENTREVISTA PROFESIONAL, E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DURANTE DOUS ANOS PARA O MESMO POSTO.**

**COMPOÑENTES (Decreto 364/2017, do 6 de outubro de 2017) que asisten a reunión do 31 de outubro de 2017**

Presidenta: Dª Sonia Campos Ares (funcionaria de carreira do Concello, técnica xurídica)

Vogal 1: D. Carlos E. Lozano Pérez (persoal laboral, técnico de Cultura do Concello)

Vogal 2: Dª Mª Dolores Pinilla López (funcionaria de carreira do Concello, auxiliar de Persoal)


Secretaria do tribunal (sen voto): Noemí González Mato (funcionaria con habilitación nacional, interventora municipal)

As 12:09 horas do 31 de outubro de 2017, previa convocatoria efectuada mediante decreto 390/2017, do 30 de outubro de 2017, reuníose na Sala de Xuntas do Concello as persoas que componen o tribunal designado mediante o primeiro dos decretos citados, aos efectos de realizar as actuacións que lle corresponden segundo o establecido na base 7ª das que regulan o procedemento de selección (aprobadas mediante o decreto 364/2017, do 6 de outubro de 2017) que consisten na valoración, na fase de concurso, da documentación presentada coa instancia para participar no procedemento, e para realizar a entrevista profesional segundo o previsto na base 5.4 das aprobadas.

Logo de ver que, por medio do decreto 390/2017, do 30 de outubro de 2017, se aprobou a seguinte relación definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluidos/as:

### **ADMITIDOS DEFINITIVA**

	NOME E APELIDOS	DNI
1	Vázquez González, Fátima Jessica	32799088F
2	Amigo Vázquez, Elisa	44425649E
3	Espiñeira Pan, Rosa	32413030G
4	Pena Bayón, Benito Manuel	32659379T
5	Sánchez Rodríguez, Paula Cecilia	32815078N
6	Alejandro González, Laura	54129811R
7	Bocija Grela, Sonia	32835868X



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981672282 // C.I.F.: P-15021001

### EXCLUÍDOS DEFINITIVA


	NOME E APELIDOS	DNI
8	Carballal López-Ventura, Fernando	47363617Q
9	Criado Abelenda, Marta	42058091S

Logo de ver a valoración preliminar das solicitudes, realizada pola instrutora do expediente, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares, a efectos do indicado no punto 7º par.1 das bases, e de sentar criterios uniformes na interpretación de tales bases (en canto a que non se valoran as prácticas e as colaboracións como bolseiros/as, por non entenderse comprendidas na "experiencia profesional" como se define na base 5.1, e en canto a que só se terán en conta coma "master", independentemente de que outros cursos poidan ter tal denominación, os de carácter universitario axeitados á definición oficial de tal posgrao, segundo o establecido na base 5.2.1.a).

Deste xeito, en uso da discrecionalidade técnica e sentando criterios uniformes para a valoración – en función do indicado nas bases- dos méritos alegados polos/as candidatos/as na fase de concurso e, na entrevista persoal que se realiza a cada candidato/a, outorga por unanimidade a seguinte puntuación ás persoas admitidas ao procedemento:

	NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	EXPERIENCIA ACADÉMICA E DE ESPECIALIZACIÓN	COÑECIMENTO DO IDIOMA GALEGO	ENTREVISTA PROFESIONAL	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Vázquez González, Fátima Jessica	32799088F	0,00 puntos	1,55 puntos	1,00 puntos	2,00 puntos	4,55 puntos
2	Amigo Vázquez, Elisa	44425649E	0,10 puntos	0,40 puntos	1,00 puntos	1,00 puntos	2,50 puntos
3	Espiñeira Pan, Rosa	32413030G	4,00 puntos	0,30 puntos	1,00 puntos	1,00 puntos	6,30 puntos
4	Pena Bayón, Benito Manuel	32659379T	0,00 puntos	0,80 puntos	1,00 puntos	1,25 puntos	3,05 puntos
5	Sánchez Rodríguez, Paula Cecilia	32815078N	0,00 puntos	1,50 puntos	1,00 puntos	0,80 puntos	3,30 puntos
6	Alejandro González, Laura	54129811R	0,00 puntos	1,95 puntos	1,00 puntos	2,00 puntos	4,95 puntos
7	Bocija Grela, Sonia	32835868X	0,40 puntos	0,50 puntos	1,00 puntos	1,50 puntos	3,40 puntos

A vista das puntuacións outorgadas e, en cumprimento das bases 7ª e 8ª, os integrantes do tribunal acordan por unanimidade publicar os resultados mencionados na presente acta polos medios indicados nas bases (taboleiro de anuncios do Concello e páxina web) e outorgar aos/as candidatos/as un prazo de dous días hábiles (segundo a base 7º par.4) para a presentación de eventuais reclamacións (que se resolverían polo tribunal) e, no caso de que non se presente ningunha, sen necesidade dunha nova reunión, proponer ao señor alcalde a contratación da aspirante con maior puntuación (quen deberá presentar no rexistro xeral do Concello a documentación indicada na base 8ª no prazo de dous días hábiles indicado en tal base) aos efectos da elevación da proposta definitiva á Alcaldía para que, previa a perceptiva fiscalización da Intervención do Concello, adopte a decisión que proceda mediante decreto e a formación de bolsa de emprego durante dous anos prevista na base 3ª par 4 coas demais persoas indicadas, coa orde de prelación en función da puntuación outorgada.



SECRETARÍA



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

**Candidata porposta: ESPÍNEIRA PAN, ROSA (32413030G)**

**Formación da bolsa prevista nas bases para os próximos dous anos cos seguintes integrantes e orde de prelación segundo a puntuación total acadada:**

Alejandro González, Laura	54129811R
Vázquez González, Fátima Jessica	32799088F
Bocija Grela, Sonia	32835868X
Sánchez Rodríguez, Paula Cecilia	32815078N
Pena Bayón, Benito Manuel	32659379T
Amigo Vázquez, Elisa	44425649E

Contra estes acordos do tribunal, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante o señor alcalde, como órgano que nomeou ás persoas integrantes deste, no prazo dun mes, de acordo co indicado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sendo as 14:50 horas do día sinalado no encabezamento, a señora presidenta do tribunal dá por rematada a reunión ao cumplir a finalidade para a que foi convocado o órgano, do que, eu como secretaria do tribunal, dou fe. (Asinan todos os membros do tribunal nas tres páxinas desta acta, numeradas do un ao tres, que se estende por duplicado e a un só efecto)."

